

# Informe sobre o Índice de comercio polo miúdo


Período de referencia: xuño de 2025

Data de publicación: 29/07/2025

## Principais resultados

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia un crecemento interanual do 5,6% no mes de xuño de 2025. En España o aumento foi do 6,2%.
- Por produtos, as vendas en "Alimentación" aumentan un 2,5% e en "Resto de produtos" un 6,7%.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes crece un 5,4% en Galicia en xuño de 2025 con respecto ao mesmo mes de 2024. En España medra un 6,6%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa interanual do 1,0% en Galicia e do 2,1% en España.

**Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes  
Taxa de variación interanual (%)**



## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 5,6% en Galicia e un 6,2% en España en xuño de 2025 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 4,7% en Galicia e un 5,8% en España respecto a xuño de 2024. Desagregando por produtos:

- "Alimentación" incrementa a facturación un 2,5% en Galicia e un 4,8% en España.
- "Resto de produtos" medra un 6,7% en Galicia e un 7,2% no conxunto do país.

**Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xuño 2025**

	ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
Xeral	104,2	5,6	3,0
Xeral sen estacións de servizo	102,0	4,7	2,2
Alimentación	95,6	2,5	2,5
Resto	111,1	6,7	2,1
<b>España</b>			
Xeral	112,6	6,2	3,7
Xeral sen estacións de servizo	111,3	5,8	3,5
Alimentación	104,6	4,8	3,7
Resto	122,3	7,2	3,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados pelo INE.

Na primeira metade do ano, as vendas minoristas aumentan un 3,0% en Galicia, sete décimas menos que en España (3,7%). Rexístrase un incremento das vendas en "Alimentación" (2,5% en Galicia e 3,7% en España) e en "Resto de produtos" (2,1% en Galicia e 3,8% en España).


## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en taxa interanual en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Ceuta (10,3%) e Cataluña (8,2%).

No que vai de ano, o índice increméntase en todas as comunidades autónomas. A taxa máis alta preséntase en Rexión de Murcia (5,5%).

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xuño 2025

#### Taxas de variación (%)



Fonte: INE

### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 5,4% en Galicia e un 6,6% en España no mes de xuño de 2025 con respecto a xuño de 2024.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 5,4% en Galicia e do 7,2% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas aumentan un 3,8% en "Alimentación" e un 6,7% en "Resto de produtos". En España, rexístrase un incremento do 7,2% nas vendas en "Alimentación" e do 7,3% en "Resto de produtos".

Nos seis primeiros meses do ano, o índice medra un 2,8% en Galicia e un 3,9% en España. As vendas en "Alimentación" aumentan un 3,4% en Galicia, menos que en España (5,5%). As vendas en "Resto de produtos" aumentan en Galicia (2,3%) e en España (3,8%).

#### Índices de comercio polo miúdo a prezos correntes. Xuño 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
Xeral	125,5	5,4	2,8
Xeral sen estacións de servizo	124,8	5,4	2,8
Alimentación	125,2	3,8	3,4
Resto	124,6	6,7	2,3
<b>España</b>			
Xeral	136,2	6,6	3,9
Xeral sen estacións de servizo	136,5	7,2	4,5
Alimentación	138,1	7,2	5,5
Resto	135,3	7,3	3,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por lo INE.

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,0% no mes de xuño en Galicia e do 2,1% no conxunto do España.

No que vai do ano, a ocupación medra un 0,6% en Galicia e un 1,4% en España.

#### Índices de ocupación. Xuño 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
Xeral	105,4	1,0	0,6
Xeral sen estacións de servizo	105,1	0,9	0,4
<b>España</b>			
Xeral	109,8	2,1	1,4
Xeral sen estacións de servizo	109,8	2,1	1,4


Fonte: INE

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

En xuño, a ocupación no comercio minorista aumenta en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Cataluña (4,0%) e Comunidade Foral de Navarra (3,5%).

## Índice xeral de ocupación. Xuño 2025

### Taxas de variación (%)



Fonte: INE

No acumulado do ano, a ocupación aumenta en dezaseis comunidades autónomas. Illas Baleares (2,8%) e Comunidade Foral de Navarra (2,7%) rexistran os maiores incrementos. En Asturias mantense sen variación.

## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conjunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das ventas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueros; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueros; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.

- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueros; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflator.